

PROGRAMA "TEÑO QUE DECIDIRME"

O mundo dos estudos

INTRODUCCIÓN

Tomar decisións non é tarefa fácil, sobre todo cando delas vai depender o noso futuro. Elixir unha profesión e uns estudos é algo que tes que facer ti e ninguén o pode facer por ti, aínda que debes facer partícipes da túa elección os teus pais.

Para axudarte a tomar a decisión máis acertada elaboramos esta guía, que pretende recoller tódalas posibilidades existentes para un alumno que finaliza 4º de ESO. En síntese son as seguintes :

Con título de Graduado en ESO:

Cursar unha das modalidades do bacharelato

Cursar un ciclo de grao medio

Acceder ao mundo do traballo

Sen título de Graduado en ESO:

Cursar a E.S.O. na Educación Permanente de Adultos (ESA)

Cursar a Formación Profesional Básica

Acceder ao mundo do traballo sen cualificación profesional

Veremos a continuación cada opción de xeito detallado, se tes algunha dúbida ponte en contacto coa orientadora.

PROGRAMA "TEÑO QUE DECIDIRME"

O mundo dos estudos

O MUNDO DOS ESTUDOS

O BACHARELATO

O Bacharelato comprende dous cursos académicos e ten como finalidade a formación xeral dos alumnos, así como a súa orientación e preparación para estudos universitarios, formación profesional específica de grao superior ou incorporación á vida activa (mundo do traballo).

O Bacharelato pasa de tres modalidades a cinco na nova normativa, incluíndo a modalidade de Bacharelato Xeral e mantendo as modalidades de Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais. A modalidade de Artes pasará a dividirse en dous sentidos, Artes Plásticas, Imaxe e Deseño; e Música e Artes Escénicas.

Proposta de materias para Bacharelato

1º CURSO

MATERIAS COMÚNS

Educación Física

Lingua Castelá e Literatura I , Lingua Galega e Literatura I

Filosofía

Lingua estranxeira I

PROGRAMA "TEÑO QUE DECIDIRME"
O mundo dos estudos

MATERIAS DE MODALIDADE

Ciencias e Tecnoloxía	Humanidades e CCSS	Artes		Xeral
		Música	Plásticas	
Matemáticas I (obligatoria) Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais Tecnoloxía e Enxeñería I Debuxo Técnico I Física e Química Elixir 2	Latín I Matemáticas aplicadas ás CCSS I Grego I Economía Historia do mundo contemporáneo Literatura Universal Materia obligatoria desta modalidade non cursada Elixir 2	Análise musical I Artes Escénicas I Coro Linguaxe e práctica musical Cultura audiovisual Materia obligatoria desta modalidade non cursada Elixir 2	Debuxo artístico I Volume Cultura audiovisual Proxectos artísticos Debuxo técnico aplicado ao deseño I Elixir 2	Matemáticas xerais Economía, emprendemento e activ. empresarial Materias de outras modalidades Elixir 2

PROGRAMA "TEÑO QUE DECIDIRME"

O mundo dos estudos

2º CURSO

Materias comúns

Historia da Filosofía

Lingua Castelá e Literatura II , Lingua Galega e Literatura II

Historia de España

Lingua estranxeira II

Ciencias e Tecnoloxía	Humanidades e CCSS	Artes		Xeral
		Música e Artes escénicas	Artes Plásticas, Imaxe e Deseño	
Matemáticas II Matemáticas aplicadas ás CCSS II Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais Tecnoloxía e Enxeñería II Física Química Debuxo Técnico II Elixir 2	Latín II Matemáticas aplicadas ás CCSS II Grego II Empresa e deseño de modelos de negocio Xeografía Historia da Arte Materia obrigatoria desta modalidade non cursada Elixir 2	Análise musical II Artes Escénicas II Coro Historia da Música e a Danza Literatura dramática Materia obrigatoria desta modalidade non cursada Elixir 2	Debuxo artístico II Técnicas de expresión Fundam. artísticos Deseño Debuxo técnico aplicado ao deseño II	Ciencias xerais Movementos culturais e artísticos Materias de outras modalidades Elixir 2

Ademais, ofertaranse as optativas que determinen as comunidades autónomas

PROGRAMA "TEÑO QUE DECIDIRME"

O mundo dos estudos

AVALIACIÓN E PROMOCIÓN

Para a obtención do título de Bacharelato será necesaria unha avaliación positiva en todas as materias. Regularase a posibilidade de titular, con carácter excepcional e en determinadas ocasións, cunha materia suspensa, sempre que se teña unha nota media igual ou superior a 5

Ao finalizar o primeiro curso, e como consecuencia do proceso de avaliación, o profesorado de cada alumna e de cada alumno adoptará as decisións sobre a súa promoción ao segundo curso tendo en conta que:

a) As alumnas e os alumnos conseguirán a promoción ao segundo curso cando superen todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en **dúas** materias como máximo.

b) O alumnado que conseguise a promoción ao segundo curso con materias avaliadas negativamente deberá cursalas ao longo do curso. Os centros organizarán as actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.

c) O alumnado poderá repetir cada un dos cursos unha soa vez. Excepcionalmente, poderán repetir un dos cursos unha segunda vez, previo informe favorable do equipo docente, aínda que nunca superando o prazo máximo de 4 anos establecido para cursar Bacharelato .

PROGRAMA "TEÑO QUE DECIDIRME"

O mundo dos estudos

AVALIACIÓN DE BACHARELATO PARA O ACCESO Á UNIVERDIDADE ABAU	
PARTE OBRIGATORIA	PARTE VOLUNTARIA (para subir nota)
CINCO EXERCICIOS 1. Lingua castelá e literatura 2. Lingua galega e literatura 3. Historia de España 4. Lingua estranxeira: Inglés, Francés, ... 5. Unha materia a elixir segundo a modalidade cursada: ✓ Latín II (Humanidades) ✓ Matemáticas aplicadas ás CCSS II (CCSS) ✓ Matemáticas II (Ciencias) ✓ Fundamentos da Arte II (Artes)	ASIGNATURAS Máximo catro materias de opción do bloque das materias troncais específicas de modalidade distintas da materia da parte obrigatoria.
SISTEMA DE CUALIFICACIÓN DA PROBA	
PARTE OBRIGATORIA Cada exercicio da parte obrigatoria será cualificado de 0 a 10 puntos, con dúas cifras decimais. A cualificación da parte obrigatoria será a media aritmética das cualificacións de todos os exercicios, expresados en forma numérica de 0 a 10 puntos, con tres cifras decimais.	PARTE VOLUNTARIA Cada unha das materias da parte voluntaria será cualificada de 0 a 10 puntos, con dúas cifras decimais. Considérase superada cada materia cando a puntuación sexa igual ou superior a cinco puntos .
SUPERACIÓN DA PROBA Considérase superada a proba de acceso á Universidade cando a nota obtida sexa igual ou superior a cinco puntos como resultado da media ponderada do 60 por cen da nota media do bacharelato e o 40 por cen da cualificación da parte obrigatoria, e sempre que se obteña un mínimo de catro puntos nesta .	NOTA MEDIA DO BACHARELATO A nota media do bacharelato expresarase con dúas cifras decimais. NOTA DE ADMISIÓN $\text{Nota de admisión} = 0,6 * \text{NMB} + 0,4 * \text{CPO} + a * \text{M1} + b * \text{M2}$ NMB=Nota media do bacharelato CPO=Cualificación da Parte Obrigatoria da ABAU M1,M2=Cualificacións dun máximo de dúas das catro materias das que se examinase o alumno/a na Parte Voluntaria e/ou da materia Troncal de Modalidade correspondente, que proporcionen mellor nota de acceso. a,b=Parámetros de ponderación A nota de admisión incorporará as cualificacións das materias superadas da fase voluntaria, sempre que estas materias estean adscritas á rama de coñecemento do título de grao ao que se queira ser admitido.

PROGRAMA "TEÑO QUE DECIDIRME"
O mundo dos estudos